

DOSIER TAREFAS

ELISA

SOCIOEMOCIONAL



DESCRIPCIÓN DAS TAREFAS

ELISA SOCIOEMOCIONAL



Benvidos/as ao Proxecto **ELISA Socioemocional**, unha liña de traballo que nace co obxectivo de contribuír ao crecemento do Proxecto ELISA, a partir da incorporación dos nenos e nenas ao proceso de avaliación, e cun enfoque específico no **procesamento, a expresión e o recoñecemento emocional**. Este proxecto desenvólvese dentro do Programa Ramón y Cajal de Investigación Posdoutoral (RYC2021-032890-I) e o proxecto TED2021-130824B-C22 financiados polo Ministerio de Ciencia e Innovación e pola Unión Europea “NextGenerationEU”/PRTR. Conta tamén con financiación dentro do programa de Axudas á Consolidación e Estruturación de Unidades de investigación competitivas da Consellería de Cultura, Educación e Universidades, Xunta de Galicia (GI 1416: UNDERISK).

A información acadada a través das distintas avaliacións do Proxecto ELISA, xunto coa evidencia científica que se está a xerar a nivel internacional, poñen de manifesto a importancia que as emocións teñen no desenvolvemento das crianzas. A maneira na que procesamos as emocións e a habilidade para poder identificalas, constitúen a base dos procesos de xestión e regulación emocional, tan importantes no desenvolvemento saudable. Poder coñecer como se desenvolven estes procesos nos nenos e nenas, pode axudar a identificar necesidades que permitan comprender o desenvolvemento de certas problemáticas e, máis importante se cabe, facilitar que poidan ser especificamente abordadas dende as estratexias de prevención que estamos a desenvolver.

Avaliar este tipo de procesos require de procedementos que sitúan ao neno/a no centro do proceso de avaliación para poder entender como procesan e integran as emocións. Todas as tarefas incluídas en **ELISA Socioemocional** empréganse de xeito habitual na infancia e adolescencia. A pesar de que no noso contexto non é tan frecuente, son múltiples os estudos que a nivel internacional nos dan exemplos do seu valor e aplicabilidade a idades temperás. Consideramos que o Proxecto ELISA constitúe un marco idóneo para iniciar esta liña de traballo, xa que toda a información acadada ata o momento a través dos cuestionarios vai servir de complemento á información que nos aporte o ELISA Socioemocional. Co fin de garantir que se desenvolva coas máximas garantías, iniciamos este proxecto en colaboración co *Developmental Psychopathology Lab*, da Universidade de Chipre (<https://www.dplab-ucy.com/>), con ampla experiencia nesta liña, e que actualmente están a realizar un estudo de similares características.

A participación en **ELISA Socioemocional** consiste na realización dunha serie de tarefas que permiten unha avaliación obxectiva, máis aló do que se recolle habitualmente nos cuestionarios, sobre os procesos mencionados. A realización das tarefas non supón ningún risco ou prexuízo para o menor, e a participación será sempre voluntaria, polo que o neno/a pode decidir parar en calquera momento, ou renunciar a realizar algunha das tarefas. A duración estimada da avaliación é de en torno a 40 minutos, incluíndo descansos entre tarefas. As tarefas serán realizadas por psicólogas do grupo UNDERISK, con formación específica neste tipo de avaliación. Os/as participantes recibirán indicacións detalladas sobre as tarefas a realizar, e resolveranse todas as dúbidas que poidan xurdir en relación ao proceso.

Co fin de que poida dispoñer de toda a información necesaria, a continuación detállanse as tarefas a realizar. En caso de dúbida, pode poñerse en contacto con nós nos teléfonos **881813883** e **606258685**, así como na conta de correo electrónico: emocions.elisa@usc.gal

MOITAS GRACIAS POLA SÚA COLABORACIÓN!

Co obxectivo previamente mencionado de analizar o procesamento, a expresión e o recoñecemento emocional dos nenos/as, propóñense catro pequenas tarefas, que se detallan a continuación.


TAREFA 1:

EXPRESIÓN EMOCIONAL A TRAVÉS DA LINGUAXE NATURAL

⚙️ **Materiais:** Láminas, con 4 viñetas cada una, que representan una historia

⌚ **Duración aproximada:** 5 minutos

Descrición: Nesta primeira tarefa, os nenos visualizarán nunha tablet unha serie de láminas que representan distintas historias. Tras ver cada unha das viñetas, pediráselles que conten coas súas propias palabras o que está a suceder, imaxinando ademais un final para cada historia, coma se fosen os protagonistas. Durante o tempo que dure a verbalización das historias, gravarase a súa voz (nunca a imaxe), co obxectivo de rexistrar as súas respostas e facilitar o seu posterior análise a través do Procesamento da Linguaxe Natural. Esta tarefa desenvólvese en colaboración cos *investigadores* do Grupo de Tecnoloxías da Información (GTI) da Universidade de Vigo, nun proxecto de colaboración financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación/Axencia Estatal de Investigación y polos Fondos da Unión Europea NextGenerationEU (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia) [MCIN/AEI/10.13039/501100011033].



TAREFA 2:

PROCESAMENTO EMOCIONAL E RESPOSTA EMPÁTICA

⚙️ **Materiais:** Escenas da película El Rey León

⌚ **Duración aproximada:** 20 minutos

Descrición: Na segunda tarefa os participantes verán, nunha pantalla de ordenador, catro pequenos fragmentos de vídeo das película El Rey León e Aladdin. Cada un destes fragmentos evocan diferentes emocións: medo, tristeza, felicidade ou enfado. Como exemplo, o clip do *medo* mostra a Simba sendo perseguido por unhas hienas, o clip *triste* mostra a escena do pai de Simba despois da estampida dos ñus, o clip do enfado mostra a Simba loitando contra o antagonista, Scar e, finalmente, o clip feliz mostra a Simba cantando unha canción alegre (hakuna matata). Tras ver os fragmentos dos vídeos, os nenos/as deberán responder a un par de preguntas referidas a como se o protagonista do vídeo na parte que lle foi presentada. Aquí podedes ver as partes máis significativas de cada un dos clips de El Rey León.



TAREFA 3: VISIONADO DE IMÁXENES AFECTIVAS [IAPS]

⚙️ **Materiais:** 36 imaxes do International Affective Pictures System (IAPS)

⌚ **Duración aproximada:** 6-10 minutos

Descrición: Na terceira tarefa, presentáremoslles aos nenos/as unha serie de imaxes con contido emocional. Esta é unha tarefa de visionado pasivo, onde non terán que realizar nada a maiores da visualización das imaxes. Ao igual ca na tarefa anterior, as imaxes poden variar, representando varias emocións: felicidade, tristeza, medo, imaxes neutras... Un exemplo das imaxes que lles imos presentar aos nenos/as son as seguintes:



Nota: Nas tarefas 2 e 3, os nenos estarán conectados a un dispositivo chamado BIOPAC. O fundamento disto, e avaliar o recoñecemento emocional a través de correlatos psicofisiolóxicos ou, dito doutra maneira, a través da resposta que o noso corpo produce cando vemos un estímulo emocional que provoca en nós algunha emoción. Neste caso, empregaremos dúas medidas psicofisiolóxicas: a taxa cardíaca (a maior ou menor velocidade dos latidos do noso corazón) e a resposta electrodérmica da pel (as nosas variacións no suor e no calor da nosa pel). Para a avaliación da taxa cardíaca, empregaranse 3 electrodos desbotables: dous nos pulsos (esquerdo e dereito) e o terceiro no nocello dereito. Pola súa parte, para a medida da resposta electrodérmica da pel, colocaremos dous pequenos electrodos nos dedos índice e corazón do neno/a. Este dispositivo e o xeito de recollida de información cómpren con todas as medidas de hixiene, **NON SON INVASIVOS E NON DANAN DE NINGÚN XEITO A SAÚDE**, non deixando tampouco ningún tipo de marca corporal.

Na seguinte imaxe podedes ver a unha persoa que foi avaliada mediante este procedemento.



TAREFA 4: RECOÑECIMIENTO EMOCIONAL

⚙️ **Materiais:** 40 imaxes de rostros faciais emocionais

⌚ **Duración aproximada:** 5 minutos

Descrición: Por último, os nenos realizarán unha tarefa de recoñecemento emocional. Para iso amosaránselles unha serie de imaxes de persoas expresando algunha destas emocións: neutral, tristeza, enfado, medo ou alegría. Despois da presentación de cada imaxe, preguntáremoslle ao neno/a que emoción cre que estaba expresando cada persoa. Ademais, con esta tarefa preténdese analizar os patróns de atención visual ante as distintas emocións, a través do uso dun rastrexador ocular non invasivo conectado ao ordenador, un pequeno dispositivo que analiza a onde diriximos a nosa mirada cando estamos vendo un estímulo, sen realizar ningún tipo de gravación ao neno/a.



Proxectos RYC2021-032890-I e TED2021-130824B-C22 financiados por: